



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA




INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL 6/2003 SOBRE A MATRÍCULA

Tendo en conta que as novidades de procedemento e calendario introducidas no proceso de matrícula no presente curso académico 2003-2004, así como o retraso na elaboración de certas actas de cualificacións de materias do curso 2002-2003, puideron dificultar a algúns alumnos de dito curso a matrícula nos prazos habilitados para elo, e en aplicación do previsto na convocatoria de matrícula para o curso 2003-2004, feita pública por Resolución Rectoral de 11 de xullo de 2003,


ESTA SECRETARÍA XERAL dispón que se permita a matrícula de continuidade de estudos ata o día 31 de outubro de 2003 ós solicitantes que non puideran tela feita no prazo establecido nas Resolucións Rectorais de 11 de xullo e 14 de outubro do 2003. As solicitudes para matricularse por primeira vez en centros sen límite de prazas así como as de continuación que se presenten a partires de dita data serán remitidas ó Servicio de Xestión Académica para a súa resolución.

A presente instrucción ratifica a transmitida no mesmo sentido polo Xefe do Servicio de Xestión Académica.

Santiago de Compostela, 28 de outubro 2003.



O SECRETARIO XERAL


Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

Vicerrector de Organización Académica e Profesorado
Xefe do Servicio de Xestión Académica
Xefes das Unidades de Xestión Académica